



Concello de Cangas

Expediente núm.: 2773/2024

Procedemento: : ps-24/04 Selección persoal Plan Máis Provincia 2024 liña 3

Asunto: Publicación bases proceso selectivo

PUBLICACIÓN: De acordo co disposto nas bases aprobadas por Decreto da Alcaldía Número: 2024-1008 de data: 12/06/2024 para a selección e posterior contratación de dúas persoas traballadoras desempregadas non ocupadas, ao abeiro da subvención outorgada pola Deputación de Pontevedra no marco do Plan de obras e servizos de competencia municipal Plan Máis Provincia 2024 (liña 3) procédese a publicación das mesmas que son as que a seguir se reproducen:

“BASES PARA A SELECCIÓN DE 2 PERSOAS TRABALLADORAS AO ABEIRO DO PLAN MÁIS PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3).

PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN.

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de dúas persoas traballadoras desempregadas non ocupadas, ao abeiro da subvención outorgada pola Deputación de Pontevedra no marco do Plan de obras e servizos de competencia municipal Plan Máis Provincia 2024 (liña 3), segundo se especifica de seguido:

Denominación das prazas	Núm. persoas traballadoras para contratar	Categoría ou Grupo
Oficial/a de Emerxencias	1	IV
Peón/ peoa de Emerxencias	1	V
TOTAL	2	

As contratacións obxecto de subvención responden ás necesidades de persoal urxentes e inaprazables (cap. III, base cuadraxésima primeira, das Bases que regulan a subvención) tal e como se acreditou coa documentación pola que foi solicitada a subvención que consta no expediente, dando lugar a súa aprobación.

Respecto ao réxime de contratación e retribucións será o de un contrato laboral temporal a tempo completo, en xornada de luns a domingo con asignación ás quendas establecidas no servizo (incluída tamén a quenda nocturna) na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de Emprego, con alta na Seguridade Social co código 405, e coas percepcións que resultan da valoración efectuada para a solicitude da subvención outorgada, por un período de seis meses, destinada á contratación de persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e que estean dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do respectivo contrato.

As funcións a desenvolver polo persoal contratado serán, de xeito non exhaustivo, as seguintes: o auxilio na intervención en incendios, accidentes ou calquera tipo de sinistro, situacións de emerxencia e de risco para a seguridade cidadá en xeral, mediante a intervención directa e/ou conducindo os vehículos postos a disposición da actuación, colaborando co Corpo de Policía Local do Concello en

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





Concello de Cangas

materia de seguridade dentro do ámbito que permita a normativa vixente e os convenios subscritos polo Concello de Cangas e realizando labores no eido medioambiental, especialmente no relativo á prevención de incendios, así como calquera outra relacionada coas anteriores, debendo usar a ferramenta, maquinaria e equipos de protección persoal propios da súa ocupación segundo se lles indique e autorice por parte do persoal responsable do servizo e de acordo coa normativa en vigor, en particular a relativa á prevención de riscos laborais. No caso da persoa que ocupe a praza de Oficial de Emerxencias, ademais deberá conducir os vehículos cos que conte o servizo e así se lle autorice, incluído tamén o camión motobomba.

O sistema de selección será o de oposición.

SEGUNDA.- CONDICIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Para tomar parte nesta convocatoria e proceso de selección será necesario que as persoas aspirantes reúnan as seguintes condicións:

A) Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, consonte ao disposto no artigo 52 da lei 5/2015, de 29 de abril, do empregado público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

B) Para a praza de Oficial, Grupo IV, estar en posesión do Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, ou equivalente. No caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse pola persoa aspirante mediante certificado expedido polo organismo competente para establecelas. Para a praza de Peón/peoa, Grupo V, non se require titulación académica de acceso.

C) Non ter sido despedida mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría á cal se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida no estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

D) Ter feitos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

E) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

F) Ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e que estean dispoñibles para o emprego, sendo remitidas por este servizo para participar neste proceso selectivo.

G) Estar en posesión do carné C en vigor para a praza de oficial, debendo manter a súa vixencia durante toda a duración do contrato.

Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes tanto no momento da selección como no da formalización do preceptivo contrato laboral.

TERCEIRA.- SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN E ADMISIÓN DE ASPIRANTES

O Concello de Cangas, de acordo co cap. III, base cuadraxésima primeira, das Bases reguladoras do plan de obras e servizos de competencia municipal (BOP núm. 2 de 03/01/2024), solicitará as persoas traballadoras desempregadas acordes ao perfil a seleccionar mediante presentación de oferta de emprego na Oficina de Emprego de Cangas en cumprimento do disposto no acordo de Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra.

Esta oficina realizará unha sondaxe de persoas demandantes que cumpran as condicións anteriormente citadas ás que se lles comunicará a existencia desta oferta de emprego para que poidan concorrer á mesma.

O Concello de Cangas resérvase o dereito a solicitar sondaxes complementarias á oficina de emprego no caso de que non se acade unha ratio mínima de dúas persoas candidatas interesadas por posto a





seleccionar.

As persoas candidatas remitidas polos Servizos Públicos de Emprego deberán presentarse para formalizar a súa instancia de participación e recibir a información sobre o desenvolvemento do proceso selectivo no día, hora e lugar que se lles indique na comunicación que reciban dende a Oficina Pública de Emprego.

As persoas aspirantes remitidas pola Oficina de Emprego que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán formalizar a súa solicitude no modelo de instancia que se lles facilitará polo Concello. As persoas aspirantes que formalicen a súa solicitude de participación constituirán a listaxe de persoas admitidas para participar no proceso selectivo.

Este modelo de instancia inclúe o modelo de declaración polo que se fai constar expresamente o cumprimento dos requisitos establecidos na base segunda, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se deba acreditar documentalmente ese cumprimento. Non obstante deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o Negociado de Persoal do Concello ou o tribunal de selección.

Coas instancias cumprimentadas e entregadas polas persoas aspirantes remitidas pola Oficina de Emprego aprobarase pola Alcaldía a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, o que será exposto no taboleiro de anuncios deste Concello. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamacións, ditarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas, o que se fará público igualmente no taboleiro de anuncios do Concello no prazo de 2 días hábiles do remate do prazo anterior. O feito de figurar incluída na relación de persoas admitidas non prexulga que se lle recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que as persoas aspirantes admitidas superen a proba selectiva. Igualmente en calquera momento anterior á realización do proceso de selección poderá excluírse a calquera persoa aspirante da relación de admitidas de comprobarse que non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, outorgándolle un prazo de tres días para emendar as deficiencias detectadas.

CUARTA.- DATA, HORA E LUGAR DE EXAME.

A resolución pola que se publique a listaxe de persoas admitidas, será publicada no taboleiro de anuncios municipal e na páxina web do Concello e incluírá a convocatoria para os chamamentos da primeira proba de cada categoría, especificando a data, hora e lugar no que se desenvolverán as respectivas probas.

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia como mínimo de tres dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida ás persoas aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

As persoas integrantes do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo á Alcaldía, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, as persoas admitidas, poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art.





Concello de Cangas

23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de Outubro de Réxime xurídico do sector público.

A composición efectiva do tribunal farase pública no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.

O Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

SEXTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de oposición.

SÉTIMA.- FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA.

A selección desenvolverase de acordo co seguinte esquema:

PROBA DE OPOSICIÓN.

A oposición constará de dúas partes:

PROBAS DE COÑECEMENTOS PROFESIONAIS:

Parte eliminatoria que se puntuará cun máximo de 98 puntos sendo preciso acadar cando menos 49 puntos para entender superada esta fase e non quedar eliminado/a do proceso de selección.

As probas consistirán na realización de exercicios teórico- práctico sobre as funcións propias do posto a desenvolver (primeiros auxilios, excarceración de vehículos, incendios, etc...) e o manexo dos equipos propios desas funcións, que para o caso dos Oficiais poderá consistir ademais nunha proba de condución de vehículos de emerxencias. Na realización dos exercicios valorarase a corrección na súa execución e o mellor manexo dos equipos, así como a correcta resposta ás cuestións formuladas polo Tribunal. As probas realizarase segundo as indicacións e condicións fixadas polo Tribunal (tempos, manobras a realizar, etc...), que se lle comunicarán as persoas aspirantes con carácter previo a realización de cada unha das probas. O Tribunal poderá formular preguntas relativas ao exercicio das funcións propias do posto e o exercicio práctico proposto.

PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Proba non eliminatoria que se puntuará cun máximo de 2 puntos.

Ao remate da proba de coñecementos profesionais o Tribunal formulará unha serie de preguntas orais ou escritas ou propondrá un exercicio de tradución dun texto dun mínimo de 5 liñas polos que se determinará o coñecemento da lingua galega das persoas aspirantes. Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten ao Tribunal antes da realización da proba a posesión do CELGA 1 para as prazas de Peón/ peoa ou do CELGA 2 para as de Oficial/a, ou equivalentes, recibindo neste caso 2 puntos.

A puntuación máxima total das dúas partes da oposición será de 100 puntos.

Todas as persoas candidatas que concorran á realización da proba, deberán ir provistas do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar ningún destes documentos, non se lle permitirá a realización da proba.

As persoas aspirantes serán chamadas para a realización das probas na data, hora e lugar indicados nun único chamamento, quedando excluídas do proceso as que non comparezan. O Tribunal en función das persoas aspirantes presentadas distribuirá o inicio da realización das respectivas probas.

Así mesmo, as persoas aspirantes deberán vir provistos de bolígrafo para no seu caso a realización dos exercicios escritos.

OITAVA.- DESIGNACIÓN DA PERSOA APROBADA.

Rematado o proceso de selección o Tribunal calculará a cualificación final.





Concello de Cangas

No suposto de empate na cualificación final de dúas ou máis persoas aspirantes, este desfarase mediante a aplicación dos criterios de preferencia establecidos no cap. III, base cuadraxésima primeira das bases reguladoras e convocatoria do plan de obras e servizos de competencia municipal (BOP núm. 2 de 03/01/2024), en base aos datos proporcionados polo Servizo Público de Emprego, dos que dispoña o Concello e, de ser preciso, segundo unha declaración xurada que deberán presentar as persoas empatadas, a requirimento dos membros do Tribunal. Estes criterios valoraranse pola orde que figuran no citado apartado ata desfacerse o empate e de persistir este procederáse á realización dunha serie de preguntas adicionais de carácter práctico relativas a técnicas e medios e ferramentas de traballo en cada servizo coas persoas aspirantes empatadas.

A continuación o Tribunal fará público o resultado do proceso e elevará a súa proposta de resolución á Alcaldía.

O Concello de Cangas, procederá á contratación laboral temporal das persoas candidas que obtiveran a maior puntuación en función do número de prazas ofertadas especificadas na convocatoria sempre que a súa puntuación final fose superior ao 50% do total posible, sen prexuízo de que as baixas e renuncias poidan ser cubertas por aquelas persoas aspirantes que obtiveran unha puntuación final superior ao 50% do total posible, que serían chamadas por orde de puntuación.

Se rematado o proceso de selección algunha das prazas ofertadas non resultase cuberta por non acadar as persoas aspirantes a puntuación mínima esixida para dar por aprobado o proceso, o Concello poderá solicitar sucesivas ampliacións da sondaxe á Oficina de Emprego para realizar ás persoas aspirantes remitidas novos procesos de selección para cubrir a totalidade das prazas ofertadas, rexéndose polas presentes bases. Poderase proceder do mesmo xeito no suposto de que unha praza inicialmente cuberta quede vacante por baixa da persoa titular e non exista listaxe de suplentes para a mesma, sempre que Concello acorde cubrila.

NOVENA.- PUBLICIDADE DAS BASES E DA CONVOCATORIA DESTAS.

As presentes bases estarán expostas ao público, no Taboleiro de Anuncios do Concello, sede electrónica (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>) e na páxina web do Concello (<http://cangas.gal/>) dende o día seguinte á data da súa aprobación, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións.

De presentarse reclamacións ás bases a selección demorarase ata a resolución desta. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso algún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será igualmente o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

DÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporaranse a un ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Cangas, onde as persoas aspirantes poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación e cancelación. Mediante a participación no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión do posto. Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro municipal (físico e electrónico), a efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección, aos representantes dos/as traballadores/as, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

UNDÉCIMA.- CARÁCTER DAS BASES E INCIDENCIAS





Concello de Cangas

As presentes bases desta convocatoria vinculan á administración local convocante, ao Tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso. O Tribunal de selección queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación durante o proceso selectivo, podendo adoptar os acordos necesarios na procura da boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DUODÉCIMA.- DISPOSICIÓN FINAL

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas e polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ó previsto na devandita Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.”

O que se publica aos efectos oportunos

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

